09-08-2013

Boletín do estado actual do Mildiu no Salnés

Risco a curto prazo:

O longo desta semana tivemos tempo inestable e precipitacións que favoreceron as condicións de infección de mildiu. Sen embargo, e de forma xeral, non estamos a encontrar ataques novos nas parcelas. En calquera caso, no estado fenolóxico en que nos encontramos, a uva xa é pouco sensible a posibles infeccións.

Risco a medio prazo:

A vindeira semana vaise a caracterizar pola estabilidade meteorolóxica, con ventos de compoñente norte e temperaturas elevadas, polo que non é probable que se dean condicións de infección de mildiu.

Estratexia xeral recomendada:

Recoméndase visitar os viñedos para detectar a presenza de novos síntomas. No caso de atopar manchas novas de mildiu recoméndase renovar os tratamentos anti-mildiu. Nos viñedos que non se detecten síntomas, poderíanse alargar os tratamentos o máximo posible.

Un cordial saúdo
Plataforma SICOM do Proxecto Viñas Atlánticas

*O proxecto LIFE + Viñas Atlánticas non se fai responsable das consecuencias dun uso inadecuado da información contida nos avisos fitosanitarios, os cales non poden sustituir a unha evaluación por parte do agricultor ou técnicos dos riscos inherentes as pragas ou enfermidades e os medios de loita empregados contra elas.

Pazo Deputación Provincial
Avda. Montero Ríos, s/n. 36071 Pontevedra
Tel. 986 804 100 Fax 986 804 124